

DECLARACIÓN EN CONTRA DO PECHE DA OFICINA DE ABANCA NA BAÑA

Os grupos políticos que conformamos a Corporación do Concello da Baña

MANIFESTAMOS:

O noso rexeitamento ao peche da sucursal de Abanca en San Vincenzo da Baña, confirmado pola entidade para o próximo mes de setembro.

Que o peche desta oficina deixa á veciñanza sen ningún punto de atención para as súas xestións bancarias, ao non haber neste momento ningún outro banco que opere diariamente no territorio municipal.

Que esta situación vai repercutir moi negativamente na calidade de vida da poboación de máis idade, maioritaria na Baña e á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal. Pechar a oficina imposibilita a unha parte da veciñanza a realización de calquera trámite bancario, e obrígaa a desprazarse a outros concellos se desexa realizalos.

Que o peche afectará tamén a sectores económicos coma os de servizos, hostalería e especialmente o comercio. Obrigando á poboación a se desprazar para as facer xestións bancarias favorécese que as compras se realicen noutros municipios, aproveitando estes desprazamentos. Isto significará o golpe de graza para uns comerciantes que xa están sufrindo de xeito agudo a crise económica derivada da covid-19 e das vendas por Internet.

Que esta decisión de Abanca é aínda menos xustificable tendo en conta que, pese a que se trata dunha empresa privada, é herdeira das caixas de aforros galegas, que prestaron durante decenios un servizo á sociedade coa súa atención de proximidade. Hai que ter en conta que o rescate destas entidades significou o desembolso dun gran monto de diñeiro público, xenerosidade que agora debe devolver á sociedade como sucesora daquelas entidades.

Que o peche de oficinas bancarias en pequenas poboacións como a nosa camiña xusto no sentido contrario ás políticas de recuperación do rural e de igualdade de oportunidades para as localidades máis pequenas que a sociedade reclama na actualidade. Un rural sen servizos coma o bancario é un rural menos atractivo, máis empobrecido e cun futuro de moito peor pronóstico.

Que, por todo iso, dende esta institución reclamámoslle a Abanca que reconsidere a decisión de pechar a oficina da Baña e continúe prestando un servizo imprescindible para a veciñanza e para o futuro do municipio.

A Baña, 12 de agosto de 2021.